

27 de xuño de 2016 – Revista 1078



xuventude.net

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACIÓN / 6

BOLSAS E AXUDAS / 7

PREMIOS E CONCURSOS / 16

NOVAS DE EMPREGO / 17

EN PORTADA

EN PORTADA

Máis de 100.000 mozos e mozas de toda Europa participaron no Servizo Voluntario Europeo (SVE) nos 20 anos que leva en funcionamento este programa

Martes, 21 Xuño 2016 17:58

- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, visitou hoxe o escenario móbil instalado no municipio coruñés de Arteixo coa que se pretende informar e asesorar á mocidade e a responsables de entidades sobre esta acción, así como difundir os resultados e boas prácticas de proxectos realizados.
- O SVE está incluído no programa Erasmus+: Xuventude en Acción para favorecer a mobilidade dos mozos e mozas; e ten como principal obxectivo promover a participación cidadá, desenvolver a solidariedade entre os máis novos, promover a relación entre culturas diferentes e facilitar a aprendizaxe ou perfeccionamento doutros idiomas.
- Na primeira quenda deste ano 2016 foron aprobados nove proxectos de SVE en Galicia, oito deles de acollida e un de envío; sumando un total de 101.505,15 euros de orzamento



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, visitou hoxe en Arteixo a carpa informativa sobre o Servizo Voluntario Europeo (SVE), unha iniciativa incluída no programa europeo Erasmus+: Xuventude en Acción e no que ao longo dos seus 20 anos de traxectoria levan participado máis de 100.000 mozos e mozas de toda Europa. O obxectivo deste escenario itinerante, que nos días pasados achegouse ata as localidades de Marín e Ourense, e que mañá estará en Mondoñedo, é conmemorar este aniversario e seguir dando a coñecer este proxecto.

"20 anos camiñando polo Servizo Voluntario Europeo", conmemora pois o vixésimo aniversario deste programa. Así, seguindo unha metodoloxía activa e de participación infórmase e promóvese o SVE en particular e o programa Erasmus+: Xuventude en Acción en xeral. En definitiva, trátase de dar a coñecer e asesorar á mocidade e a responsables de entidades sobre o programa, así como difundir os resultados e boas prácticas dos proxectos realizados.

O Servizo Voluntario Europeo do programa Erasmus+: Xuventude en Acción enmarca na liña estratéxica de mobilidade dos rapaces e rapazas. Neste sentido, ten como principal finalidade favorecer a participación cidadá, desenvolver a solidariedade entre os máis novos, promover a relación con culturas diferentes e facilitar a aprendizaxe ou perfeccionamento doutros idiomas. Cecilia Vázquez sinalou que o SVE "permitiu a máis de 100.000 mozos e mozas realizar o seu proxecto de voluntariado, tanto en Europa como fora dela, ofrecendo á persoa entre os 17 e 30 anos a oportunidade de contribuír ao traballo diario das organizacións que operan no ámbito da xuventude, o desenvolvemento persoal, a implicación civil, a asistencia social e a inclusión, o medio ambiente ou os programas de educación non formal, entre outros".

Certificado de aprendizaxe

As entidades que poden participar nos proxectos de SVE son aquelas sen ánimo de lucro; os organismos públicos locais, rexionais e nacionais; e as empresas con responsabilidade social corporativa. Actualmente

en Galicia están acreditadas para participar neste programa 16 concellos e 47 entidades sen ánimo de lucro. Así mesmo, o período de duración do SVE pode ser entre 2 e 12 meses, e os participantes reciben un certificado de educación non formal en materia de xuventude, co que se lle da visibilidade á aprendizaxe non formal adquirida e se validan as competencias asumidas. Precisamente Galicia foi a primeira, e por agora a única, Comunidade Autónoma que certifica a participación dos mozos e mozas en programas de educación non formal seguindo este exemplo europeo.

Na primeira quenda de 2016 foron aprobados nove proxectos de Servizo Voluntario Europeo en Galicia, oito deles de acollida e un de envío; sumando un total de 101.505,15 euros de orzamento.

A Xunta reúne en Gandarío a máis dun centenar de estudantes de primaria na xuntanza de fin de curso do programa MÓVETE

Mercres, 22 Xuño 2016 06:56



Un total de cento dez alumnos dos CEIP da Lomba (Vilagarcía de Arousa), Fontiñas (Santiago de Compostela) e Virxe da Cela (Monfero) acompañados polos seus docentes participaron no albergue de Gandarío na xuntanza de final de curso do programa piloto MÓVETE de dinamización do voluntariado entre o alumnado dos primeiros cursos de educación Primaria.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe esta iniciativa, que "pretende ser un instrumento para a formación integral dos alumnos máis novos a través dos valores asociados ao voluntariado e á solidariedade dende un contexto lúdico que vincula á música como elemento motivacional".

Os obxectivos deste programa de voluntariado entre os máis pequenos son os de sensibilizar aos nenos e nenas participantes sobre os valores solidarios e a xustiza social, motivando o compromiso e participación como axentes xeradores de cambio,

detectando necesidades sociais e identificando as causas que as provocan. O programa traballa as diferencias individuais sociais e culturais, potenciando as diferencias como algo enriquecedor e positivo e tamén habilita un espazo de reflexión e ofrece recursos ao alumnado para a súa participación activa.

Os alumnos destes tres centros desenvolveron durante o curso senllos proxectos de voluntariado que tiveron como temática o desenvolvemento rural, a protección dos dereitos dos animais e o coñecemento da realidade social da contorna.

Este programa MÓVETE para alumnos de primaria é o primeiro paso no itinerario de voluntariado integral e completo para os máis novos que ten en marcha a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. O seguinte paso é o Pasaporte Solidario –dirixido a rapaces de ata 12 anos-, continua coa Rede de Centros Solidarios para estudantes de Secundaria e complétase co Servizo de Voluntariado Xuvenil, que se prolonga ata os 30 anos.

A directora xeral de Xuventude recibe os 15 mozos e mozas galegos que viaxarán a Xapón no marco dun intercambio cultural coa prefectura de Wakayama

Mercres, 22 Xuño 2016 14:55

- O grupo visitará o país asiático entre o 4 e o 11 de xullo
- Cecilia Vázquez destacou que "os participantes galegos serán os embaixadores da cultura galega no Xapón, ao tempo que coñecerán a cultura e lingua xaponesa, as súas costumes, interactuarán con mozos e mozas xaponeses en distintas actividades e durante tres días convivirán con familias xaponesas de acollida"
- Ambas culturas están unidas polo vínculo dos seus dous itinerarios de peregrinación: o Camiño de Santiago en Galicia e o Camiño Kumano Kodo en Wakayama



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, recibiu hoxe os 15 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos que participarán no intercambio de ida á Prefectura de Wakayama (Xapón) do 4 ao 11 de xullo. A titular do departamento autonómico resaltou que durante a semana de duración do intercambio, "os participantes galegos serán os embaixadores da cultura galega no Xapón, ao tempo que coñecerán a cultura e lingua xaponesa, as súas costumes, interactuarán con mozos e mozas xaponeses en distintas actividades e durante tres días convivirán con familias xaponesas de acollida".

O programa que desenvolverán estes 15 mozos e mozas combina actividades educativas e culturais como a recepción polas autoridades da Prefectura de Wakayama; unha reunión de traballo na Universidade, na que os mozos e mozas, galegos/as e xaponeses/as, traballarán xuntamente para coñecer e dar a coñecer as súas rexións; a visita á cidade de Tanabe; ou o percorrido dunha parte do Camiño Kumano Kodo no que visitarán o Centro do Patrimonio

Kumano Hongo e o santuarioíntoísta Kumano Hongo Taisya.

Cecilia Vázquez fixo especial fincapé na realización deste percorrido, pois "a cultura galega e a xaponesa, se ben son moi distintas, están unidas polo vínculo dos seus dous itinerarios de peregrinación: o Camiño de Santiago en Galicia e o Camiño Kumano Kodo en Wakayama, dúas rutas recoñecidas pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade, puntos de referencia no que converxe a pluralidade de concepción de distintos pobos, culturas, linguas e relixións".

Vázquez resaltou que os intercambios xuvenís "permiten aos mozos e mozas participantes desenvolver habilidades, competencias e coñecementos, descubrir novas culturas, costumes e estilos de vida, sobre todo a través da aprendizaxe entre iguais, consolidar valores como a solidariedade, a democracia e a amizade; facilita a concienciación intercultural e a mellora das competencias lingüísticas". Un proceso de aprendizaxe que se realiza a través de métodos de educación non formal.

A Prefectura de Wakayama e a Xunta de Galicia comparten vínculos desde a sinatura do seu irmandamento en 1998. A partir deste ano se están a realizar distintos programas xuntos, sobre todo centrados no turismo e na cultura. No que respecta á xuventude, en 2009 estableceuse un

protocolo de traballo entre as dúas administracións rexionais para favorecer os lazos de unión entre as entidades xuvenís de Wakayama e Galicia. Así con este grupo de mozos e mozas galegas esta será a duodécima experiencia de intercambio xuvenil entre a Xunta de Galicia e a Prefectura de Wakayama, sumando un total de 175 participantes.

Política Social pon en común con entidades xuvenís, empresas, universidades e técnicos de Xuventude as capacidades dos mozos e mozas galegos

Xoves, 23 Xuño 2016 11:44

- A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado impulsa esta iniciativa, que ten por obxecto analizar e reflexionar dende diferentes puntos de vista sobre como o talento da mocidade pode reverter no tecido empresarial galego

A Consellería de Política Social continúa cos encontros de "Talento Xove", unha nova iniciativa que ten por obxecto avaliar con axentes, responsables de diferentes entidades e institucións que participan nas políticas de xuventude as posibilidades de desenvolvemento das capacidades dos mozos e mozas galegos. O Espazo Xove de Ourense acolleu hoxe unha nova xuntanza deste foro de participación, que a semana pasada xa se desenvolveu na cidade de Lugo.



Ademais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, na reunión de traballo desta mañá déronse cita asociacións de empresarios, representantes de universidades, técnicos de xuventude doutras administracións e directivos de selección de persoal de varias empresas. O obxectivo desta iniciativa é o de recoller a opinión e as ideas dos principais axentes que traballan coa xuventude en Galicia, aos efectos de analizar as necesidades, descubrir as oportunidades e propiciar un intercambio de coñecementos.

Estas xuntanzas teñan unha duración de hora e media, tempo durante o que os participantes analizan e reflexionan dende diferentes puntos de vista sobre como o talento da nosa mocidade pode

reverter no tecido empresarial galego.

EN PORTADA

NOVAS E ACTIVIDADES

Axudas Injuve para a Creación Nova 2016

Martes, 21 Xuño 2016 09:39

O Instituto da Xuventude, Injuve, convoca axudas económicas para favorecer o traballo de mozos creadores, coa finalidade de fomentar a actividade creadora, facilitar a súa promoción e a difusión da súa obra, á vez que propiciar a súa incorporación ao ámbito profesional, mediante a axuda a proxectos a desenvolver durante o ano 2017 no ámbito das artes visuais, escénicas, musicais, literarias, deseño, cómic e ilustración, a través das seguintes liñas de actuación:



AYUDAS CREACIÓN Injuve

10.000 € nos supostos c) e d), e deberá representar como mínimo o 75% do custo total do proxecto.
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **18 de xullo de 2016**
Máis información no BOE do 18 de xuño de 2016 e en <http://www.injuve.es/>

Produción de obra, con liberdade de formato e técnica (18 a 30 anos), ata 6.000 €.

Mobilidade de obra producida e/ou mobilidade de creadores en espazos especializados, xiras ou residencia (non estudos regrados) en ámbito nacional e internacional (18 a 30 anos), ata 6.000 €.

Emprendemento en espazos emerxentes de creación nova, acoutados no tempo, que non signifiquen unha programación anual completa, en ámbito nacional ou internacional (18 a 35 anos), ata 10.000 €.

Sala Amadis do Instituto da Mocidade: comisariado de exposicións, talleres ou outras actividades de creación emerxente a desenvolver en grupo ou colectivo (18 a 35 anos), ata 10.000 €.

Requisitos:

Mozas e mozos de nacionalidade española e todas aquelas con residencia legal en España, que teñan entre 18 e 30 ó 35 anos de idade, segundo sexa o obxecto da axuda. Cando se trate de proxectos nos que participen máis dunha persoa, o requisito de idade esixirase a todos os compoñentes. No caso de grupos musicais e compañías de artes escénicas, o requisito de idade esixirase tanto á dirección artística como ao cadro de interpretación artística.

Contía:

A contía individualizada das axudas non poderá superar o importe de 6.000 € nos supostos a) e b) e de

Actuación dos premiados de Xuventude Crea na Cidade da Cultura

Martes, 21 Xuño 2016 10:19



O 27 de agosto podes ver a actuación de [Diariodeverano e Fripp & Kütte](#), gañadores de Xuventude Crea na Cidade da Cultura

Volve á Cidade da Cultura o ciclo Atardecer no Gaiás, co mellor do indie, pop, rock, electrónica e música clásica do momento. Como xa vén sendo habitual, Atardecer no Gaiás terá lugar todos os xoves, venres e sábados desde o 7 de xullo ata o 27 de agosto ás 21h na praza central.

McEnroe, Novedades Carmiña, Alondra Bentley, Marc Jonson, Os amigos dos músicos, Mucho, The Soul Jacket ou Orquestra de Cámara Galega serán algúns dos protagonistas das 18 actuacións en pequeno formato coas que gozar ao caer o sol.

E como novidade para este 2016, Atardecer no Gaiás amplía formato! Como? Con catro sesións de proxeccións audiovisuais en pantalla xigante precedidas dunha sesión DJ temática. Aquí van os títulos: Taking Woodstock, The Commitments, Sigur Ros - Heima e unha sorpresa final homenaxe a David Bowie.

XULLO

7 Xullo McEnroe
8 Xullo Novedades Carminha
9 Xullo Alondra Bentley

14 Xullo DJ Bigote Mix + Taking Woostock

15 Xullo Bifannah

16 Xullo Selvática

21 Xullo Marc Jonson con Ramirez Exposure e Skylar Gudasz

22 Xullo Papaya

23 Xullo Orquestra de Cámara Galega

28 Xullo Os Amigos dos Músicos

29 Xullo Dj Pablo Electrocute + The Commitments

30 Xullo La Familia del Árbol

AGOSTO

4 Agosto Chancha Via Circuito

5 Agosto Noiserv

6 Agosto DJ Bigote Mix + Sigur Rós - Heima

11 Agosto Cuerpo Astral

12 Agosto Mucho

13 Agosto Orquestra de Cámara Galega

18 Agosto The Limboos

25 Agosto DJ Bigote Mix + Sesión de cine: Homenaxe a David Bowie

26 Agosto Diola + Kill Kill!

27 Agosto The Soul Jacket + **Xuventude Crea (Diariodeverano e Fripp & Kütte)**

<http://www.cidadedacultura.gal/gl/evento/atardecer-no-gaias-2016>

Libros para este verán!!

Mercres, 22 Xuño 2016 00:00



Gústache ler? Poñemos a túa disposición unha listaxe de libros recomendados polo alumnado que participou durante este curso no programa [Correspondentes Xuvenis 3.0](#)

[Libros recomendados polo alumnado Correspondente Xuvenil](#)

"20 Aniversario" do IES de Porto do Son

Mercores, 22 Xuño 2016 07:05



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado colaborou coa OMIX e o departamento de Orientación do IES Porto do Son, co motivo do "20 Aniversario" do Instituto, ofrecendo información sobre recursos e programas dirixidos á mocidade. Estanse a celebrar [actividades](#) entre o 17 e o 24 de xuño para celebrar o 20º aniversario do Instituto. O departamento de Orientación montou ademais un stand no Club náutico da localidade co motivo desa celebración. Nesta mostra plásmase tamén o traballo das [alumnas de Correspondentes xuvenis](#) do Centro.

Beneficiarios/as Galeuropa 2015

Mercores, 22 Xuño 2016 08:11



No DOG do 22 de xuño publícanse os beneficiarios/as de **Galeuropa 2015**, tanto individuais como asociacións e entidades locais:

[DOG do 22 de xuño de 2016](#)

Lista de admitidos, espera e excluídos do Programa Deseñando o teu futuro 2016

Mercores, 22 Xuño 2016 08:41



Nos seguintes enlaces podese consultar o listado provisional de entidades sen ánimo de lucro e entidades locais admitidas e excluídas no programa [Deseñando o teu futuro](#):

[Listado provisional de Entidades sen ánimo de lucro admitidas e excluídas](#)
[Listado provisional de Entidades locais admitidas e excluídas](#)

Oferta de formación profesional en Galicia

Xoves, 23 Xuño 2016 07:16



Queres estudar un ciclo formativo?

No DOG do 23 de xuño de 2016 publícase a oferta dos ciclos formativos de formación profesional que se poden estudar en Galicia

[Oferta clasificada por familia e ciclos formativos](#)

Formación Profesional

[Oferta clasificada por provincia e concello](#)

Oferta de FP para adultos a distancia, semipresencial e presencial

Xoves, 23 Xuño 2016 07:30



Queres estudar un ciclo formativo a distancia ou semipresencial?

No DOG do 23 de xuño de 2016 publícase a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades **presencial, semipresencial e a distancia**, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia

[Oferta clasificada por familia e ciclos formativos](#)

[Oferta clasificada por provincia e concello](#)

Boletín Eurodesk de xuño de 2016

Xoves, 23 Xuño 2016 11:42



[Boletín Eurodesk de xuño de 2016](#)

NOVAS FORMACIÓN

OUTROS CURSOS

Talleres de dinamización do cooperativismo sectores agroecolóxico

Xoves, 23 Xuño 2016 07:01



Talleres de dinamización do cooperativismo sectores: agroecolóxico
Moaña
Días: 18,19,20,21 e 22 de xullo
Horario: 09:30h-13:30h
Lugar: Patronato Municipal Beiramar - Lugar A Carrasqueira s/n Tirán - Moaña
Inscripcións [aquí](#)

Bueu
Días: 5,7,12,14,18,21,26 e 28 de xullo (Martes e xoves)
Horario: 20:00h-22:30h
Lugar: Argo Navis Rede Laboral : Monterio Ríos, 57 baixo. 36930 Bueu - Pontevedra
Inscripcións [aquí](#)

Trátase de formación en cooperativismo destinada a persoas vinculadas académica ou profesionalmente co sector obxecto do taller, que quieran explorar novos métodos empresariais para emprender dende o inicio dun proxecto ou ben para cooperar e colaborar con outros profesionais do sector..

A participación nestas actividades é gratuíta, presencial e con posibilidade de certificación.

Mais información: tesa@ucetag.org
Tfno:607 698 239
www.ucetag.org/es

Curso Gratuito: Marketing e Compraventa Internacional

Xoves, 23 Xuño 2016 07:59



Curso Gratuito: Marketing e Compraventa Internacional

Dirixido a persoas inscritas en Garantía Xuvenil con estudos mínimos de Bacharelato ou equivalente

Título Oficial de 710 Horas + 40 Horas Prácticas en Empresas
Polo menos un 30% dos participantes que finalicen con éxito o expediente accederán a un contrato laboral de, polo

menos, 6 meses de duración.

Mais información:
Federación Galega de Comercio. Rolda Muralla 52. 27002 Lugo
Tlf 982 255 120 Mail marcosfp@comerciogalicia.es
<https://www.cursosfemxa.es/marketing-compraventa-internacional-fgc-lugo-curso>

Formación en cooperativismo en Vigo

Xoves, 23 Xuño 2016 08:34



UGACOTA oferta dous obradoiros gratuítos en colaboración coa Entidade da Rede Eusumo-Cámara de Comercio Vigo no mes de xullo:

[Elabora o teu plan de empresa cooperativo](#): do 5 ao 8 de xullo
[Contabilidade para o emprendemento cooperativo](#): do 26 ao 29 de xullo
www.ugacota.coop

NOVAS FORMACIÓN

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de Tempo Libre en Cangas do Morrazo

Martes, 21 Xuño 2016 08:27



A Escola de tempo libre Kalapris convoca un Curso de Monitor/a de Tempo Libre en Cangas do Morrazo

Datas: do 1 ao 29 de Xullo

Horario: A duración deste curso é de 200 horas teóricas e 150 horas de prácticas. A parte teórica levaráse a cabo de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.

Lugar: Cangas do Morrazo Para máis información
Máis información na Escola de tempo libre Kalapris
Telefono 666 70 80 47 e 986 30 38 04
correo electrónico a etlkalapris@gmail.com
<http://etlkalapris.wix.com/kalapris>

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Santiago de Compostela

Mercores, 22 Xuño 2016 10:36



A Escola de Educación no Tempo Libre Altair Galiza organiza un curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Santiago de Compostela:

Santiago-Intensivo (Fase teórico-práctica: 200 horas+Fase Práctica: 150 horas) con aloxamento gratuito en albergue e dereito a cociña incluídos

Sedes: Centro de Interpretación Rural a Portela - Figueiras (Santiago)

Datas: Do 15 de xullo ao 6 de agosto.

Libres:

25 de xullo (todo o día)

18, 22 e 28 de xullo pola mañá

2 de agosto (pola mañá)

Prezo:

Até o 11 de xullo de 2016: 210 € (mais entrada 50 €); Total: 260 €

Posibilidade de pago en tres prazos de 70 € mais entrada de 50 €.

Membros das equipas educativas de Altair ou persoas que desexen pertencer ao voluntariado educativo de Altair: 75 euros

Inclúe: seguro de responsabilidade civil, poliza de accidentes para o alumnado (na fase teórico-práctica), material e actividades, transporte ao lugar lugar onde se desenvolva o modulo de campismo, aloxamento gratuito en abegue con dereito a cociña

Máis información: <https://etaltairgaliza.wordpress.com/>

Inscrición: <https://etaltairgaliza.wordpress.com/inscribete/>

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Dodro

Mercores, 22 Xuño 2016 10:47



O Concello de Dodro e a Escola de tempo libre Coesco organizan un curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Dodro

Data de inicio: 27 de xuño

Data de finalización: 1 de setembro

Horario: luns, mércores e xoves de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 20:30.

Inscripcións: omixdodro@concellodedodro.org

Requisitos: ser maior de idade e ter menos de 36 anos. Posuír o título da ESO ou equivalente.

Máis información na OMIX de Dodro, teléfono 981 802 472

BOLSAS E AXUDAS

CONVOCATORIA XERAL

Convocadas bolsa Fulbright polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Luns, 27 Xuño 2016 09:27

Estas bolsas en EEUU, teñen por finalidade contribuir á financiación dun proxecto de formación académica e perfeccionamento técnico-profesional, nunha universidade estadounidense. A duración das bolsas será dun curso académico. As bolsas concédense para a formación, perfeccionamento, acreditación académica ou investigación nos ámbitos de competencia do Ministerio. O prazo de presentación de solicitudes determinarase en cada convocatoria e non será inferior a un mes. Máis información: www.boe.es do 27 de xuño.

Bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da UDC 2016/2017.

Luns, 27 Xuño 2016 09:28

Convocadas 118 bolsas de colaboración para formación que permitan a formación teórica e práctica do estudiantado matriculado nun centro da UDC, mediante a realización de actividades de colaboración en distintas áreas de interese formativo. O importe da bolsa é de 180 € mensuais, e a duración de 9 meses. Máis información www.udc.es do 23 de xuño.

BOLSAS E AXUDAS

FORMACIÓN PRÁCTICA

Bolsas para enxeñeiros agrónomos ou con Máster en enxeñería agrónómica

Martes, 21 Xuño 2016 09:28



O Fondo Español de Garantía Agraria convoca bolsas de formación práctica, para enxeñeiros agrónomos ou titulados co Máster en enxeñería agrónómica.

Beneficiarios:

Españóis ou dun Estado membro da Unión Europea, residentes en España, que teñan menos de 30 anos, que terminasen os seus estudos no prazo dos 6 anos anteriores ao día seguinte ao da entrada en vigor da convocatoria, e que estean en posesión ou en condicións de obter o título de enxeñeiro agrónomo ou ser titulado co máster en enxeñería agrónómica, que habilita para o exercicio da profesión de enxeñeiro agrónomo.

Dotación: 1.200 euros mensuais
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **8 de xullo de 2016**
Máis información en <http://www.fega.es/> e no BOE do 21 de xuño de 2016

Bolsas London South Bank University para Mestría en Seguridade e Control Alimentario

Mercores, 22 Xuño 2016 07:39

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

London South Bank University

2.- DESTINATARIOS

O candidato á bolsa debe ter unha oferta en LSBU (condicional ou incondicional) para estudar o programa de Mestría de Seguridade Alimentaria e Control. Proba da excelencia académica. Títulos obtidos fóra do Reino Unido serán avaliados por equivalencia utilizando as probas NARIC, de ter compromiso co seu futuro profesional e o logro práctico ou académico anterior.

3.- DATA LÍMITE

30/06/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

London South Bank University ofrece as bolsas do programa Frank Brake Msc Scholarship Seguridade e Control Alimentario, para estudantes internacionais interesados no programa de Mestría. O valor da bolsa é de £ 4.000, que serán asignados ao custo do programa.

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.lsbu.ac.uk/courses/postgraduate/fees-and-funding/scholarships/frank-brake-scholarship>

Bolsas no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Mercores, 22 Xuño 2016 08:01



O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades convoca 9 bolsas de formación nos proxectos concretos de investigación que se están a desenvolver no Centro.

Bolsas:

Unha bolsa de formación no proxecto Bibliografía da literatura galega: título de licenciatura en Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa ou grao en Lingua e Literatura Galegas (con Maior Plus de Lingua e Literatura Galegas); en Estudos de Galego e Español; en Galego e Portugués; estudos lingüísticos e literarios (con Maior Plus, Minor ou Maior en Literatura Galega)

Unha bolsa de formación no proxecto Fraseoloxía galega: Licenciatura ou grao en Tradución e Interpretación ou en Filoloxía Galega. Coñecemento de inglés equivalente ao nivel B2.

Unha bolsa de formación no proxecto Corpus de referencia do galego actual: licenciado/a en Filoloxía

Galega, Románica, Hispánica, Portuguesa ou Tradución e Interpretación, ou ben graduado/a en Lingua e Literatura Galegas; en Lingua e Literatura Españolas; en Lingua e Literatura Modernas; en Galego e Portugués; estudos lingüísticos e literarios en español

Unha bolsa de formación no proxecto Cantigas de Santa María: licenciado/a ou graduado/a en calquera Filoloxía Románica ou Clásica
Unha bolsa de formación no proxecto Prosa literaria medieval: licenciado/a ou graduado/a en calquera titulación da área de humanidades, sempre e cando acredite formación específica en estudos medievais.

Unha bolsa de formación no proxecto Terminoloxía científico-técnica: licenciado/a ou graduado/a en Filoloxía ou Tradución e Interpretación ou en mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación dependendo da universidade de procedencia. Posuír coñecemento de inglés ou de francés equivalente ao nivel B1.

Unha bolsa de formación no proxecto Recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala: licenciado/a ou graduado/a en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, ou en Enxeñaría de Telecomunicacións ou en Física ou en Informática ou en Matemáticas.

Unha bolsa de formación no proxecto Base de datos do ALIR: licenciado/a ou graduado/a en Filoloxía Galega, Filoloxía Románica, Filoloxía Francesa ou Filoloxía Italiana.

Unha bolsa de formación no proxecto Dicionarios de literatura: licenciado/a ou graduado/a en Teoría da Literatura ou en calquera filoloxía

Requisitos:

Estar en posesión do título universitario de licenciado ou licenciada ou de grao exixido no proxecto para o cal presente a solicitude.

Ter rematado os estudos conducentes a el no curso académico 2008-2009 ou posterior.

Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, agás os/as que acrediten estar en posesión do título de licenciado/a en Filoloxía Galega.

Non resultar beneficiario/a dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 7 puntos.

A data estimada de comezo é o 1 de setembro de 2016 e rematarán, en calquera caso, o 31 de agosto de 2018

As solicitudes estarán dispoñibles en <https://sede.xunta.es/> co procedemento ED109A e na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades www.cirp.es.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o **22 de xullo de 2016**

Máis información no DOG do 22 de xuño de 2016 e en <http://www.cirp.es/>

Prácticas no consello da UE

Xoves, 23 Xuño 2016 06:38

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Secretaría Xeral do Consello

2.- DESTINATARIOS

Estas prácticas están destinadas a nacionais da UE que, ao cumprirse o prazo de presentación de solicitudes, terminasen polo menos un primeiro ciclo de estudos universitarios e estean en posesión dun título de grao ou equivalente.

3.- DATA LÍMITE

31/08/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

A Secretaría Xeral do Consello ofrece cada ano uns 100 períodos de prácticas remuneradas, dunha duración de cinco meses cada un.

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.consiliium.europa.eu/es/general-secretariat/jobs/traineeships/apply-now/>

Bolsas formación proxectos investigación Centro Ramón Piñeiro, Galicia.

Luns, 27 Xuño 2016 07:05

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia..

2.-DESTINATARIOS.

Licenciados/as ou graduados/as universitario/as en quen non concorran en ninguna das circunstancias especificadas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sempre que reúnan, ademais dos requisitos específicos que para cada proxecto sinálanse nos anexos desta orde, os seguintes requisitos xerais, que deberán posuír no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes: Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea. Estar en posesión do título universitario de licenciado ou licenciada ou de grao esixido no proxecto para o cal presente a solicitude. Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, excepto os que acrediten estar en posesión do título de licenciado/a en Filoloxía Galega ou graos equivalentes. Non resultar beneficiario dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 7 puntos.

3.- DATA LÍMITE.

Inscripcións ata o 23/7/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN.

Convocatoria de 9 bolsas de formación nos proxectos concretos de investigación que se están desenvolvendo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que se inclúen como anexos á presente orde e nos cales se detallan os requisitos específicos que deben reunir os solicitantes, coa finalidade de contribuír á especialización na súa formación académica, profesional ou investigadora. A contía das bolsas será de 990 euros brutos mensuais. As bolsas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. As actividades de formación iniciaranse coa incorporación da persoa seleccionada tal e como dispón a base décima desta convocatoria. A data estimada de comezo é o 1 de setembro de 2016 e finalizarán, en calquera caso, o 31 de agosto de 2018. A data de incorporación ao centro establecerase na notificación da adxudicación da bolsa.

5.- PÁXINAS WEB.

http://www.xunta.gal/dog/publicados/2016/20160622/AnuncioG0164-090616-0009_é.pdf

<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>

Bolsas para realizar prácticas en Mediaset en Madrid

Luns, 27 Xuño 2016 07:11

1.- CONVOCANTE

Mediaset

2.- DESTINATARIOS

- Estar en posesión do 50% dos créditos aprobados.

- Nivel avanzado de inglés (C1).

3.- DATAS LÍMITE

Non se especifica

4.- MÁIS INFORMACIÓN

Para estudantes de diferentes graos segundo a área:

- Documentación Informativos (2 prazas).

- Adquisición Dereitos (1 praza).

- Axudante Xefe Estudo (2 prazas).

- Selección de Produto (1 praza).

- Produción Iniciativas Especiais (2 prazas).

- Bolsa Dpto Financeiro (1 praza).

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.rthempleo.telecinco.es/buscar-trabajo-emprego/>

Bolsas de danza e coreografía da Fundación Pina Bausch

Luns, 27 Xuño 2016 07:12

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Arts Foundation of North Rhine e Pina Bausch Foundation

2.- DESTINATARIOS

Para bailaríns de calquera nacionalidade, sen restricións de idade

3.- DATA LÍMITE

15/09/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

As bolsas ofrecen subvencións para unha residencia temporal en institucións de renome do mundo da danza. A duración das mesmas é dun mínimo de tres meses e un máximo de seis

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<https://fellowship.pinabausch.org/en/fellowship>

Prácticas remuneradas en España, Portugal ou Latinoamérica

Luns, 27 Xuño 2016 07:14

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

ATREVIEW

2.- DESTINATARIOS

Mozos con marcadas actitudes: curiosidade, expansivos, sociais, retadores, creativos e valentes. Estar a cursar último ano de carreira (Xornalismo, Comunicación Audiovisual, Publicidade e RR.PP.). Ser recentemente graduados ou comezando un Máster ou posgrao. Contar con elevado nivel de inglés.

3.- DATA LÍMITE

30/06/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

ATREVIEW, unha consultora de comunicación a nivel global, puxo en marcha un programa de prácticas profesionais dirixidas a mozos comunicadores. Para realizar estas prácticas, ATREVIEW busca novas con ganas de desenvolverse profesionalmente, que saiban traballar en equipo, entusiastas e apaixonados pola comunicación. Estas prácticas en comunicación son remuneradas e ademais, ofrécense un programa de formación de mentoring. A duración das mesmas será de 6 meses.

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://atrevia.com/movimiento-atrevia/>

Bolsas para Mestría en Liderado e Estratexia London Business School, Reino Unido

Luns, 27 Xuño 2016 07:22

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

London Business School

2.- DESTINATARIOS

Calquera candidato autofinanciado, que solicitou o programa Sloan Msc.

3.- DATA LÍMITE

07/09/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

London Business School, convida a estudantes internacionais destacados, a participar no programa de bolsas: 50th Anniversary Scholarship. O mundo necesita máis líderes con visión global que poidan xerar solución innovadoras para axudar a resolver os problemas cada vez máis complexos. A Mestría en Liderado e Estratexia dá forma aos altos executivos de hoxe en día para converterse en líderes eficaces do mañá. A bolsa cubrirá o custo de matrícula nun 100%

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

